

**NOTA DE PRENSA 040/23  
10 DE XUÑO DE 2023**

**RAMILO, LÓPEZ, RODRÍGUEZ E CASTRO VENCEN NO AUTOCROSS DE  
CARBALLO**

O Campionato galego de autocross voltou ao circuito de Carballo cunha emocionante xornada de competición na que os vencedores foron Javier Ramilo, Jon Ander López, Iago Rodríguez e Martín Castro.

Terceira proba puntuable para o certame, con case medio cento de inscritos e abundante público en todo o treito, especialmente nas finais.

En menos de 1,600 centímetros cúbicos o triunfo foi para Martín Castro, seguido de Isaac Calvo e Rubén Uzal.

Jon Ander López sumou un novo triunfo na categoría de máis de 1,600 centímetros cúbicos aos mandos do Citroën Saxo VTS. Completaron o podio da carreira Antonio López Lence e Jesús Santos.

Na modalidade de carcros júnior, primeiro posto para Iago Rodríguez con Diego García e Daniel Gayoso.

Por último, Javier Ramilo impúxose na concurrida categoría de carcros, cunha vantaxe de máis de cinco segundos sobre Sergio Suárez e Antón Muiños.

A seguinte data do calendario autonómico será no mes de xullo con motivo da celebración do Autocross do Xacobeo